



COOPERATIVA DE MEIRAS
SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA
Meiràs – Valdoviño
F-15013915

NOTA INFORMATIVA AOS SOCIOS DE:

PRÉSTAMOS HIPOTECARIOS Lei 5/2019, de Contratos de Crédito Inmobiliario **NORMAS SOCIAIS DA COOPERATIVA**

INFORMACIÓN DOS PRÉSTAMOS DA COOPERATIVA

- **DESTINATARIOS DOS PRÉSTAMOS:** persoas socias da cooperativa.
- **DESTINO DOS PRÉSTAMOS:** distintas finalidades.
- **IMPORTE DOS PRÉSTAMOS:** Mínimo 25.000 € Máximo: 300.000 €
 - Hipotecarios vivenda: 80 % do menor valor da tasación ou compra
 - Outros hipotecarios: estudarase cada un dos casos concretos.

- **AMORTIZACIÓN:** as cotas poden ser mensuais, trimestrais, semestrais ou anuais.
- **VARIABILIDADE DA COTA:** en función da variación da taxa de xuro.
- **PRAZO:** en función da idade das persoas solicitantes (máximo 30 anos).
- **PERÍODO DE CARENIA:** estudarase cada caso concreto.
- **AMORTIZACIÓN/S ANTICIPADA/S:** poden ser totais ou parciais (sen comisión).

TAXA DE XURO (%) PARA OS PRÉSTAMOS HIPOTECARIOS (Lei 5/2019)

As taxas de xuro para os préstamos hipotecarios son as seguintes:

- a) **HIPOTECARIOS (vivenda) 2,50 %**
- b) **OUTROS HIPOTECARIOS 4,95 %**

A taxa de xuro será:

- **Fixa**, desde a data de formalización ata o 31 de decembro de 2023.
- **Variable**, o resto da vixencia do préstamo, con revisións o 1 de xaneiro de cada ano.

Índice de referencia para a variación da taxa de xuro: euríbor o 1 de decembro.

O diferencial que se aplicará nos préstamos será o : 1,00 ou 2,00 segun corresponda

A nova taxa aplicable, nas revisións, será o resultado de lle sumar ao euríbor do 1 de decembro o diferencial fixado anteriormente.

Os xuros de mora serán o xuro ordinario vixente incrementado en 3 puntos.

COMISIONS

- Comisión de apertura en préstamos hipotecarios: 3,00 %.
- Non hai comisión por reembolso anticipado.
- Non hai comisión por subrogación.
- Non hai comisión por modificación das condicións do contrato.
- Non hai comisión por reclamación de posicións debedoras.
- Non hai comisión por expedición de certificación de saldo.
- Non hai comisión por escritura de cancelación.

- **GASTOS DA PERSOA SOCIA (PERSONA PRESTAMEIRA)**

En préstamos hipotecarios:

- Gastos de taxación, feita por unha sociedade de taxación autorizada.
- Custo das copias que solicite da escritura do préstamo.

- Cancelación hipoteca:
 - Arancel notario.
 - Arancel rexistro.

- **GASTOS DA COOPERATIVA (PRESTAMISTA)**

En préstamos hipotecarios:

- Arancel notario.
- Actos xurídicos documentados (AXD)
- Arancel rexistro.
- Gastos de xestión.

- **OUTRAS OBRIGAS**

Nos préstamos hipotecarios, as persoas prestameiros deberán concertar un seguro de danos que comprenda incendios do inmovible hipotecado, por unha contía igual á totalidade da responsabilidade hipotecaria.Y

OUTRA INFORMACIÓN: As seccións de crédito das cooperativas non están sometidas á supervisión do Banco de España.

NORMAS SOCIAIS POLAS QUE SE REXE A COOPERATIVA

A cooperativa réxese de conformidade cos seus estatutos sociais, contidos na escritura pública outorgada ante o notario Bruno Otero Afonso, o día 17 de setembro de 2012, polas modificacións posteriores dos mesmos, recollidas na escritura outorgada ante o notario de Ferrol, Bruno Otero Afonso, o día 30 de agosto de 2021, ambas inscritas no Rexistro Central de Cooperativas da Xunta de Galicia, folia 014- SCT; asento 35 e 57 respectivamente . A cooperativa rexérase, asemesmo polas normas contidas no Regulamento de Réxime Interno, outorgada ante o notario que foi de Ferrol, Don Fernando Jose Rivero- Sanchez Covisa, o día 8 de xullo de 2004, inscritas no Rexistro Central de Cooperativas da Xunta de Galicia, folia 14- SCT; Asento 21 e modificacións posteriores do mesmo, outorgadas ante o notario, Bruno Otero Afonso, o 7 de xullo de 2009, inscritas no mesmo rexistro, folia 14- SCT; Asento 1. Polos acordos da Asemblea Xeral, órgano supremo da vontade social, adoptados validamente e polos acordos adoptados polo Consello Reitor, órgano de goberno e xestión da Cooperativa, elixido pola Asemblea Xeral e inscrito no Rexistro Central de Cooperativas.

Os abaixo asinantes facemos constar que somos socios da Cooperativa de Meirás de Consumidores e Usuarios Sociedade Cooperativa Galega, que se puxo á nosa disposición unha copia dos estatutos sociais e do regulamento de réxime interno, que recibimos o presente folleto informativo, que fomos informados das condicións dos préstamos da cooperativa, do contido da ficha personalizada, correspondente ao préstamo que solicitamos. Que sabemos que, como socios, podemos participar nos órganos sociais da cooperativa, especialmente nas asembleas xerais de socios, que fomos informados de que a cooperativa coa súa sección de crédito non é unha entidade financeira, sometida á disciplina do Banco de España, e que o seu control lles incumbe aos órganos correspondentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

Meirás (Valdoviño),